

Eduardo Blanco Amor,

após a emigración americana (1919-1964), comezou a preparar o seu regreso definitivo a Galiza desde 1956, cando menos. Nesta preparación cumpriu unha función catártica, do punto de vista persoal, e expresou a súa disposición a contribuír de novo ao fortalecemento e modernización da literatura nacional galega desde dentro con *A esmorga* (Bos Aires, 1959)

A aparición da novela tivo eco na Galiza. A recepción crítica (casos de Fernández del Riego ou Ánxel Fole en "Faro de Vigo" e "El Progreso", respectivamente) subliñou o acento orixinal e insólito de *A esmorga* dentro da literatura galega e mesmo que era "unha das mellores novelas nosas". A edición de *A esmorga* na Galiza debeu esperar a 1970, cando xa estaba o noso autor aquí instalado. Novamente catalogouse como unha das novelas máis

Eduardo Blanco Amor "A ESMORGA"

ADRIÁN ANSEDE TABOADA (B1°C) - YAN QING CHEN LIN (B2°D)

importantes dos últimos anos. Para o portugués Rodríguez Lapa, "unha pequena obra mestra". Mais comeza a subliñarse un suposto carácter picaresco ao que xa tiña aludido un crítico anónimo de "La región" de Ourense co gallo da primeira edición en Bos Aires. A maiores atribúese un suposto ton humorístico e irónico. A novela era así reconducida a tópicos. Non xa reducionistas, senón infundados e desviadores. Esta operación de asimilismo, de intencionalidade moralista e ideolóxica, non favorecía unha correcta análise do sentido da novela e da súa carga reveladora. A editorial Galaxia, nas lapelas desta súa edición, falaba do "humor" que caracteriza unha boa parte da obra e "dun mundo de picaresca" que sería a súa materia fundamental. Ficaba convertida *A esmorga* así na primeira narrativa da picaresca galega, feita con ar troureiro que se axeita ao temperamento do pobo, retranqueiro e ledó". Novamente, unha obra mestra, xenuína, reducíase a enxebrismo ou tipismo retranqueiro. Nada de realidades nacionais, de problemáticas sociais e psicolóxicas, de dialécticas históricas e ideolóxico-morais, de estruturas de poder e a súa manifestación artística, de traxedias de fundamentación material humana... Iniciouse así unha avaliación con xuízos ben lonxe da verdade...

O significado de *A esmorga* é crucial no contexto da obra de Eduardo Blanco Amor e na historia da literatura galega. Foi produto da súa decisión de se enfrontar cunha realidade opresiva. Violenta, represiva e destrutiva, da que el fuxira aos vinte e dous anos. Resulta da catarse do autor para obxectivar un sistema colonial que aniquila os marxinalados a través da violencia institucional, representada pola Garda Civil e a Xustiza. Son os marxinalados producidos pola opresión económica, cultural e lingüística, nunha sociedade rexida pola alienación e pola desintegración e atomización sociais, sen clases dirixentes. Nela as clases populares viven como unha especie de criaturas estrañas ao mundo oficializado. En efecto, os protagonistas son tres xornaleiros traballadores eventuais nas estradas. Dous deles xa caloteiros e lumpen (O Bocas e o Milhomes). O outro, o Castizo, aínda aspira a vivir do traballo e a se integrar socialmente, pensando no matrimonio cunha ex prostituta da que ten un fillo. El é o protagonista narrador, nunha situación de declaración como acusado, perante un xuíz que está, pero que non ouvimos, indo e vindo desde o cuartel da Garda Civil para cada interrogatorio (os cinco capítulos da novela). O ambiente é o propio

dunha urbe galega na transición finisecular, arrabaldes, rúas, espazos concretos de Ourense. Nel móvense estes personaxes, caracterizadamente individuais, pero simbolicamente arquetípicos. Cada un destes é representativo dunha conduta sexual: o homosexual, o Milhomes; o "bisexual", machista, de aspecto viriloide, O Bocas; e o heterosexual, o Castizo.

No seu percorrido de 24 horas sen acougo, co alcohol e a chuvia lenta e insistente como compañía, chegarán ao punto climático ascendente: a violación da pobre Socorrito, a toliña, polo Bocas, o asasinato deste polo Milhomes, entolecido por tanto sufrimento dunha relación sadomasoquista, e o desfalecemento do Castizo, incapaz de impedir o suicidio do Milhomes. O único sobrevivente será aniquilado polo poder establecido, após narrar os sucesos, como acusado, perante o xuíz, desde a súa peculiar interpretación e moralidade. Pero esta historia non pode chegar anós se non hai autor-cronista, para lle dar voz a estes personaxes oprimidos, sen voz na historia, nunha narración negada. A estrutura global da novela é tan simbólica e representativa que dela se deriva toda unha imaxe do país, malia a súa fragmentariedade. O que non está, podemos intuilo por indicios, por derivación implícitas, por ausencias que están presentes como opresivas e ameazantes...

É unha moi boa oportunidade para espallar novamente a narrativa de Blanco Amor, en xeral, mesmo a que está escrita en español, outra cara da realidade da nación colonizada, tan anulada e desconsiderada na literatura española, e tan descoñecida por nós. De certo que a lectura de *A esmorga* pode resultar hoxe un descubrimento para moitos. A nosa política cultural non pode prescindir da continua revalorización e espallamento dos nosos escritores clásicos. Convenzámonos de que a súa capacidade para engaliolar lectores de hoxe é potente.

FONTE: Rodríguez, Francisco: *Eduardo Blanco Amor (o desacougo da nación negada)*, edicións do Cumio, 1993.



O Castizo, o Bocas e o Milhomes na vestión teatral da compañía SarabelaTeatro.

J.L. Gómez foi o Castizo na película "La parranda" dirixida por Gonzalo Suárez.



"UNHA ESTRELA MÁIS"

por Adrián Abeal Adham

Nos campos de estrelas
de pedra labrados
óense zoares
de ventos calados.

Nos campos de estrelas
de remotas lendas
fundíronse historias
que esperan erqueitas
ser contadas
entre palabras
e caladas.

No campo de estrelas
que alumea na terra,
descobre tesouros
no medio das eiras.

Os campos verdes
musitan tamén
que por eles pasaron
eses zoares labrados.

Asoballados,
pisados,
abandonados,
olvidados.

Agora, erqueitos,
susurran eses campos.

No campo de estrelas
tamén hai sol na noite
e lúa todo o día.

No campo de estrelas
a chuvía non molla,
tangué as campás,
cantando con lágrimas
amores mortos
e penas varias.

No campo de estrelas
hai unha estrela máis.
Ti.

"LOUCURA"

por Iago Polo

Miro ao meu redor. Imaxes oníricas aparécenseme coma
sombros do pasado, aquí nada é o que parece.

Os conceptos de tempo ou de espazo non teñen sentido, Os espe-
llos non reflicten realidades, senón utopías fermosas. A vista, os
verdadeiros protagonistas son os espellos deformes e cóncavos,
que -paradoxicamente- cospen verdades.

As cores chirrían con furia e os sons cabalgan diante de min,
aquí a palabra "sinestesia" cobra verdadeiro sentido.


Todo xira dando voltas... Estremece pensar que isto é real; pero
non, non pode selo, é a miña realidade, si, pero... onde me ato-
po? Este lugar non pode ser verdade...

E así, desta maneira, ao xirar doume conta: as miñas cordas es-
tán cortadas: A loucura corre desatada. Noraboa, ti cortaches as
cordas que me mantiñan atado; noraboa, ti es o culpábel da miña
loucura, ti e só ti...

Esperto. A luz das estrelas ilumina a fría noite. E bastante triste
pensar que esa mesma luz que nos ilumina está xa extinta; a súa
estela percorre anos luz até que chega á Terra. Logo, a súa luz
non é directa, estamos a ver o diferido das estrelas. Unha brisa
estival méceme docemente mentres unha cantidade inxesta de
pensamentos abordan a miña mente, e a pregunta, a eterna pre-
gunta, finalmente chega: Por que?

A pregunta, a grande pregunta sen resposta, até parece que a le-
vamos gravada a fogo nos xenes e, en certa forma, é certo, dado
que a curiosidade é unha das características da nosa recente huma-
nización. E digo recente, dado que, aos ollos do universo, o noso
tempo é menos ca un suspiro. Un universo infinito observa inmu-
table os nosos cambios, as nosas antigas civilizacións, a nosa vida
e a nosa morte. Somos como un xogo maquiavélico no que nós só
participamos en forma de monicreques do tempo e da consciencia,
das preguntas que nos fan aterrar e torturarnos pensando o
porqué da nosa existencia. Por que existimos? Con que fin?
Somos algo máis que insectos insignificantes?

Demasiados "por que" para tan poucos "porqués"...



"NON SEI?"

por Anxos Fernández Aneiros

Non sei a orixe certa,
mais sei o certo fin.
Non sei porque vivimos,
mais sei canto sufrín.

Non sei porque queremos,
mais sei que o amor ten fin.
Non sei porque estou triste,
máis sei da anguria en min.

Non sei porque esta pena,
mais sei que iso es ti.
Non sei porque nacemos,
mais sei porque morrín.

"TEMPO"

por Anxos Fernández Aneiros

Maldito tempo ladrón!
Que nos roubas até a vida!

Márcasnos dende o berce, ladrón!
e séguesnos a ferir
durante a nosa vida toda.

Tempo vivido,
tempo gañado para a fin
Tempo perdido
irremediabilmente, ladrón!

Tempo final para fustigarnos,
iso es ti: tempo ladrón!
dono da nosa vida.

"EMIGRANTE"

por Anxos Fernández Aneiros

Voume triste, non sei se voltarei... Na mente teño a ilusión do regreso, mais non depende só de min, senón das miñas circunstancias.

O camiño é longo, non só pola distancia, senón pola incertidume, pola dureza, polos motivos que me fan marchar.

Non son valente, non. A marcha só ten que ver coa necesidade e a dignidade que aquí non me deixan acadar.

Teño medo, si. Tal vez non atope o que busco e non acade ren. Tal vez a volta sexa aínda máis dura cá ida.

Pero xa non hai volta atrás: estou no barco. Na inmensidade do mar acho o sosego, aínda que son pasaxeiro e temo que remate, cando xa a terra se mostre ante min.

Esa terra na que teño postas todas as miñas esperanzas, esa terra irmá que espero me acolla con tenrura, como xa acolleu a tantos.

Quero poder ficar nela como un máis.

E cando volva de regreso, quero chorar como agora choro, quero sentir esta anguria que me desganza por dentro polo que deixo.

Estou no peirao. Xa comeza esta nova vida que por necesidade escollín.



26 FERROLÁNS

BERNARDO MAÍZ


ROI XORDO DAS MARINÁS



(Século XV). Xefe militar en 1431 da 1ª Guerra Irmandiña contra os abusos dos señores feudais.

LUCAS LABRADA ROMERO

(1762-1842). Ilustrado, matemático, economista, escritor.




JUAN ALONSO LÓPEZ E NOVAL

(1763-1824). Navegante, inxenheiro, matemático, historiador. Deputado liberal nas Cortes de Cádiz.

SATURNINO MONTOJO DÍAZ

(1796-1856). Mariño, físico, matemático e astrónomo.



JENARO PÉREZ-VILLAAMIL



(1807-1854). Pintor romántico de ampla e moi apreciada obra.

JOSÉ MONTERO AROSTEGUI

(1817-1882). Historiador, principal activista para conseguir en 1858 o título de cidade para Ferrol.


CONCEPCIÓN ARENAL




(1820-1893). Pedagoga, penalista e feminista.

FRUTOS SAAVEDRA MENESES

(1823-1868). Militar, inxeniero, topógrafo, xeógrafo académico, político liberal, potenciou a construción de peiraos na ría de Ferrol.



BENITO VICETTO PÉREZ



(1824-1878). Novelista romántico, xornalista, historiador.

ALBERTO CAMINO SIGUET


(1820-1861). Poeta no Pre-Rexurdimento literario galego.

FRANCISCO SUÁREZ GARCÍA




(1827-1900). Navegante, impresor, mestre, escritor, filántropo. Republicano federal, foi alcalde de Ferrol e deputado na 1ª República.

VÍCTOR LÓPEZ SEOANE



(1832-1900). Médico, avogado, académico, zoólogo, botánico.

PABLO IGLESIAS POSSE



(1850 - 1925). Tipógrafo, fundador en 1879 do PSOE e en 1888 da UXT.


JOSÉ CANALEJAS MÉNDEZ



(1854-1912). Xurista, académico, demócrata liberal e Presidente do goberno español entre 1909 e 1912.


**AURELIO RIBALTA
COPETE**

(1864-1940). Intelectual galeguista e escritor en lingua galega.



**XOSÉ
FONTENLA
LEAL**

(1864-1919). Litógrafo en Cuba, principal impulsor do himno galego e da Real Academia Galega.



**AURORA
RODRIGUEZ
CARBALLEIRA**

(1879-1955).
Feminista.



**MÁXIMO
RAMOS LÓPEZ**

(1880-1949). Pintor,
gravador, cartelista.



**CAMILO DÍAZ
BALIÑO**

(1889-1936) Escritor,
artista gráfico e intelectual
galeguista. Foi vítima da
represión franquista.




**RAMÓN FRANCO
BAHAMONDE**

(1896-1938). Político
republicano, militar e aviador.



**FRANCISCO FRANCO
BAHAMONDE**

(1892-1975). Xeneral
golpista, Ditador de España
de 1936 até a súa morte.



**GONZALO
TORRENTE
BALLESTER**

(1910-1999). Profesor,
novelista, dramaturgo, crítico
literario en lingua castelá.



**RICARDO CARBALLO
CALERO**

(1910-1990). Galeguista, lingüista,
poeta, dramaturgo, narrador,
ensaista, académico e profesor.
Primeiro Catedrático de Lingua
Galega na Universidade de Santiago
de Compostela.



**ERNESTO
GUERRA
DA CAL**

(1911-1977).
Galeguista exiliado en
1939. Profesor, poeta e
ensaista en lingua galega.



**ÁNGELES ALVARIÑO
GONZÁLEZ**

(1916-2005). Oceanógrafa.
Primeira muller que se embarcou nun buque de investigación británico. Descubriu 22 novas especies mariñas.



**XOHANA
TORRES**

(1931). Narradora e
poeta en lingua galega.



FERROL

CRONOLOXÍA HISTÓRICA



137-19 a.c.- Conquista romana de Gallaecia.
 S. III-IV.- Factorías romanas pesqueiras nas ribeiras da ría de Ferrol.
 446-585.- Reino suevo de Galiza, primeiro reino medieval europeo.
 S.IX.- Ataques normandos ás costas galegas.
 997.- Ataque de Al-Mansur a Santiago de Compostela.
 1087.- Primeiras mencións documentais á parroquia de S. Xiao de Ferrol.
 1111.- Alfonso Raimúndez último rei de Galiza.
 1132.- Mencións documentais a Esteiro e Caranza.
 1153.- Mencións documentais a Brión, Prioiro e A Graña.
 1210-1220.- Fundación de Ferrol como vila de reguengo co seu alfoz.
 1364.- A vila de Ferrol pasa ao señorío da casa de Andrade.
 1431.- Roi Xordo dirixe a Irmandade Fusquenlla contra os abusos dos Andrade.
 1432.- Pedro Padrón protesta deses abusos diante do rei.
 1466-1468.- Segunda Guerra Irmandiña.
 1588.- Zarpa das rías de Ferrol, Ares e A Coruña a Armada Invencible contra Inglaterra.
 1589.- Os corsarios Drake e Norris asaltan A Coruña, Ares e Ferrol.
 1590.- Comeza a fortificación da ría de Ferrol: castelos de San Felipe, A Palma e San Martiño.
 1700.- Guerra de Sucesión e cambio de dinastía: os Borbóns, déspotas ilustrados.
 1720.- Ferrol tiña 1.235 habitantes.
 1726.- A ría de Ferrol sé do Departamento Marítimo do Noroeste.
 1727.- Inicio das obras en A Graña e ampliación dos castelos da boca da ría de Ferrol.
 1730.- Botados en A Graña os primeiros buques da Armada Real.
 1749.- Comezan as obras do estaleiro de Esteiro e dos Arsenais.
 1758.- Creación dunha escola de pilotos en Ferrol.
 1760-1765.- Sánchez Bort (coa axuda de Jorge Juan, Llobet, De la Croix) diseña a cidade ideal da Ilustración: barrios da Magdalena e Esteiro, Alameda, San Xiao...
 1774.- Murallas de Ferrol.
 1787.- Ferrol con A Graña tiñan 26.949 habitantes.
 1796.- Construción no Arsenal de Ferrol dunha Casa de bombas de vapor.
 1800.- Desembarco de tropas británicas en Ares e Doniños, derrotadas en Brión.
 1805.- Mugar dos pasa ser vila de reguengo.
 1809.- Entre xaneiro e xuño as tropas napoleónicas ocupan Ferrol.

1850.- Fundación en Ferrol dunha escola de maquinistas navais e do Casino Ferrolano.
 1851.- Botadura en estaleiros de Ferrol dos primeiros barcos de vapor galegos.
 1858.- Ferrol acadada o título de cidade.
 1866-1868.- Construción das rampas de atraque de Pontedeume, Ares e O Seixo.
 1871.- Primeiros núcleos en Ferrol da Asociación Internacional de Traballadores.
 1872.- Levantamento cantonalista republicano federal, Ferrol "independente" tres días.
 1881.- Construción en Ferrol do primeiro buque galego de aceiro.
 1889.- Primeiras lanchas de vapor na pasaxe da ría de Ferrol.
 1892.- Inauguración do Teatro Jofre.
 1892-1894.- A ferrolá corbeta Nautilus circunnavega a Terra.
 1902.- Os traballadores do Arsenal acadan a xornada laboral de oito horas.
 1903.- Fundación do Ateneo Ferrolano.
 1907.- Plan de Escuadra para a construción de coirazados, cruceiros, destrutores ...
 1909.- "Sociedad Española de Construcción Naval" (SECN) en Ferrol.
 1913.- Inauguración da liña ferroviaria Ferrol-Betanzos- Lugo-Madrid.
 1914.- Fundación en Ferrol de "Toxos e Froles", deán dos coros galegos.
 1915.- Organizacións anarquistas convocan en Ferrol o "Congreso Internacional da Paz".
 1925.- A SECN pasa denominarse "Factoría de Construcciones Navales" (FCN).
 1926.- Espectacular travesía aérea do Atlántico do hidroavión Plus Ultra.
 1927.- Inauguración en Ferrol do primeiro Instituto Nacional de Segunda Enseñanza.
 1930.- O Instituto pasa denominarse "Concepción Arenal".
 1931.- IIª República: concellos republicano-socialistas en todo Ferrolterra.
 1932.- O alcalde de Ferrol, Xaime Quintanilla, presidente da Asemblea de Concellos Galegos a prol da autonomía de Galiza.
 1933.- Crise do sector naval.
 1934.- Forte conmoción político-laboral.



Ariba, monumento a Concepción Arenal en Ourense, escultura de Aniceto Marín; abaixo, imaxe do porto ferrolán no século XIX.





Rúa Real



Praza de Armas



Rúa Magdalena

1936.- Do 20 ao 25 de xullo militares sublevados, co apoio de grupos fascistas, toman Ferrolterra, desencadenando unha fortísima represión. Comeza a Guerra Civil e a guerrilla antifranquista galega.

1939.- Rematada a Guerra Civil coa victoria dos sublevados, comeza a dura e longa ditadura do xeneral Franco Bahamonde.

1940.- Coa anexión do concello de Serantes, Ferrol chega aos 59.829 habitantes.

1941.- Comeza as súas actividades o estaleiro ASTANO en Fene.

1942.- Inauguración da Biblioteca Municipal ferrolá.

1945.- O 20 de outubro comezan as clases no novo edificio do Instituto (o actual) .

1947.- A FCN pasa denominarse Empresa Nacional Bazán.

1952-1954.- Elevación do segundo andar do edificio do Instituto.

1954.- Fin traumático da guerrilla antifranquista galega.

1959-1962.- Xénese en Ferrol do movemento obreiro forzosamente clandestino.

1962.- Inauguración do tramo ferroviario Ferrol-Mera.

1965.- Creación da Sección Femenina do Instituto, posteriormente "Instituto Femenino".

1966.- En aulas cedidas comeza funcionar no Instituto a Escola de Peritos (ingenieros técnicos navais), primeira institución nuniversitaria en Ferrol.



Praza de Armas



Praza de España

1968.- Apertura da Ponte das Pías na ría de Ferrol.
1971.- En aulas cedidas comeza funcionar no Instituto a Escola de Graduados Sociais, actualmente Relacións Laborais.

1972.- O 10 de marzo a policía franquista ametralla unha manifestación de traballadores, matando a dous e ferindo a unha vintena.

1975.- Morte do xeneral Franco.

1976.- Refundación do "Ateneo Ferrolano".

1977.- Primeiras eleccións democráticas dende o ano 1936. Comezo da preautonomía galega.

1978.- Aprobación da Constitución. Creación da Xunta de Galiza.

1979.- Primeiras eleccións municipais democráticas. A lingua galega cooficial no concello de Ferrol.

1980.- Entra en vigor o Estatuto de Autonomía de Galiza.

1981.- Intento militar de golpe de estado.

1983.- Primeira Lei de Normalización da Lingua Galega.


1983-1988.- Crise do sector da construción naval afectando fortemente a Ferrolterra.

1990.- Creación da Universidade d'A Coruña, da que dependerá o campus de Ferrol.

1992-1993.- Creación en Ferrol das titulacións universitarias en Ingeniería Naval e Industrial, Enfermería, Biblioteconomía, Documentación e Humanidades.

1998.- O Discovery Enterprise rompe a Ponte das Pías.

2000.- Comezo das obras da planta regasificadora.



CARVALHO CALERO

Un pulso á Historia

DELIA VÁZQUEZ

A vida de Carvalho Calero (1910-1990) fai un repaso pola liña da Historia do século XX, a dos grandes acontecementos, mais tamén a local e a pequena intrahistoria de tantas familias. Na obra do escritor, pese ao seu carácter intelectual e filosófico, á presenza de referencias culturais, trazos tantas veces postos de relevo, podemos atopar esas pegadas da vida e da historia.

FERROL 1916

Cinco duros pagábamnos de aluguer.
Era un terceiro andar, ben folgado.
Pola parte de atrás daba ao Campiño,
e por diante á rua de San Francisco.
No segundo vivía a miña tia aboa

Tiña unha peza cheia de paxaros disecados
que só abría os días de festa
para que os nenos disfrutásemos nela.

Ainda vivía a miña nai
e todos os meus irmáns vivían,
e enfrente traballaba o señor Pedro o toneleiro,
e a grande tenda de efectos navais mantiña o seu trafego.

Na casa tiñamos pombas
e, por suposto, un grande gato mouro;
e o meu pai era novo aínda
e no mar do mundo cada día descubría eu unha illa.

Via o mar da miña fiesta,
e chegaban cometas da mariña.
E baixaba os degraus dúas veces ao día para ir á escola,
e dúas veces rubia-os de volta.

As mulleres enton usaban capa e corsé,
e íamos á aldea en coche de cabalos,
e a rua estaba ategada de pregóns de sardiñas
e de ingleses que vendían Bíblias.

Eu tiña un pacto con Deus:
que ningún dos meus morrería.
E o pacto era observado,
e eu confiaba na perenidade do pacto

Todo isto fica tan longe
que a duro podo aínda lembra-lo.
Esquecería-o dentro de pouco tempo
se non escribese estes versos.

Futuro Condicional (1961-1980).

Corría a Gran Guerra. Na casa natal da rúa San Francisco daquel bulideiro Ferrol Vello logo se ía descompoñer o pacto que o neno



Ricardo tiña con Deus: queda orfo de nai aos oito anos. Despois dos primeiros estudos, prepara o bacharelato no colexio "Sagrado Corazón de Jesús", dirixido polo escritor galeguista Manuel Comellas. Non había aínda en Ferrol Instituto de ensino medio, tiña que examinarse por libre, na Coruña case sempre. Pronto dará mostras da súa brillantez intelectual e do seu compromiso: teatro, conferencias, poesía, que un adolescente Carvalho empeza a dar a coñecer en medios da cidade. Trinitarias, primeiro libro de versos, escrito en español e publicado en 1928, recolle os poemas desta etapa. Á idade de 15 anos xa rematara o bacharelato e matricúlase na Universidade de Santiago, no primeiro curso común para Letras e Dereito.

En Compostela, incorpórase axiña ao Seminario de Estudos Galegos, do que chegou a ser Secretario Xeral. Alí relaciónase coa xente do Grupo "Nós": Castelao, Otero Pedraio, Vicente Risco, López Cuevillas. Son anos decisivos na formación intelectual e ideolóxica do mozo Carvalho, que se sentirá sempre parte da "Xeración do Seminario", xunto a figuras como Álvaro Cunqueiro, Bouza Brey, Aquilino Iglesia Alvariño...

Son anos tamén moi intensos no movemento estudantil en contra da Ditadura de Primo de Rivera. Carvalho participa activamente neste movemento dentro da Federación Universitaria Escolar (FUE), organización sindical de estudantes na que ocupou distintos cargos. Non descoida a carreira nin a actividade cultural e literaria. Destas inquietudes poden dar idea títulos como "En torno a las ideas comunistas de Platón", unha conferencia (entre outras) que pronunciou no "Centro Obrero de Cultura" de Ferrol en 1929.

En xuño de 1931 licénciase en Dereito cun brillantísimo expediente académico. No mesmo ano publica o primeiro poemario en galego, *Vieiros*, no que se perciben as influencias vangardistas da época, máis notorias aínda no seguinte, *O silencio axionllado* (1934).

En decembro de 1931 fúndase o Partido Galeguista –trunfara a II República en abril– e desde o primeiro momento pertence a este partido. Nel vai ter un importante papel. Foi un dos redactores do primeiro anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galiza, modifica-



Carvalho nos seus anos de estudante universitario.

do despois para adaptalo á Constitución republicana, unitaria, non federal como propoñía o anteproxecto.



Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego e Ricardo Carvalho Calero en Compostela.



Carvalho Calero vestido de militar paseando con Francisco Fernández del Riego

O Concello de Ferrol convoca oposicións para cubrir cinco prazas de funcionarios, Carvalho preséntase e obtén o número 1.



En 1933, instalado de novo na súa cidade, casa con dona Ignacia Ramos. Sen deixar a actividade literaria e cultural (ás que agora suma un intenso labor político) continúa por libre a carreira de Filosofía e Letras, a súa verdadeira vocación, que finaliza con Premio extraordinario en 1935. As revistas máis importantes da época recollen traballos del: poemas, artigos de crítica, ensaios. Ademais de poesía, escribe pezas teatrais seguindo as ideas das Irmandades da Fala de facer teatro en galego para todas as clases de público.

O 18 de xullo de 1936 colle a Carvalho en Madrid, examinándose para catedrático de instituto. Coincide alí con Castelao e outros delegados, que ían presentar ante as Cortes os resultados do referendo sobre o Estatuto de Autonomía. Queda incomunicado coa familia xa que Galicia pasa, desde os primeiros días do Alzamento, a mans dos nacionais. Incorporárase como miliciano ao batallón "Félix Bázana", que intervéñ na defensa de Madrid. Pronto a República se decata da necesidade de reforzar a organización do exército (moitos militares de alta graduación eran simpatizantes dos alzados) e prepara a formación de novos oficiais. Carvalho cumpría todos os requisitos esixidos, así que é destinado ao Exército de Andalucía.

Na primavera de 1939, cando acaba a guerra, atópase en Jaén. Ingresa no penal desta cidade para cumprir a sentenza ditada en Consello de Guerra: doce anos e un día de reclusión maior. O delito: ter sido oficial do exército republicano e ter pertencido ao Partido Galeguista. Os cárceres estaban cheos de presos como Carvalho, eran de máis, de modo que o goberno de Franco foi deixando en liberdade condicional a moitos

despois de teren cumprido unha parte da pena.

En maio de 1941 volve a Galicia. Coñece a primeira filla, unha meniña de case cinco anos nacida cando el se achaba en Madrid. E encara a vida dos vencidos e, aínda por riba, penados: tiña que presentarse periodicamente na prisión de Ferrol en canto durase a condena, non podía exercer oficialmente a súa profesión (por suposto, fora cesado "definitivamente" como funcionario do Concello o 24/12/1936). O matrimonio -dona Ignacia tamén era licenciada en Historia- vivirá dando clases, particularmente e en colexios privados.

COMO PUDEMOS ("RETICENCIAS")

Como podemos
viver? Os ollos múltiples e insones
de Medusa fixos en nós à espreita.
As bocas das metralhetas
apontando-nos. A censura
postal fatídico agoireiro-
lendo as nossas entranhas.
Os sacristaos pasando lista
às portas das igrejas. Nos cafés,
os contertulios anotando
as nossas reaccións perante
as noticias do rádio.
Clitemnestra na cama.
Na escola, os nossos fillos aprendendo
a condenar-nos, a
desprezar-nos, a
denunciar-nos, a falaren na língua
com que insultados fomos e julgados
réprobos, e na qual foi extendida
a acta que nos levou
ao paredom, ao cárcere, ao desterro;
a língua com que nos indultarom
para nos reinserir arrependidos
no mundo que quixeramos
substituír. Moitos morreron, mas
non falo agora desses mortos; falo
dos que tiveron que viver morrendo
entre os seus matadores, lendo a imprensa
que de lama os enchera, saudando
as insígnias contra as quais militaram.
Como podemos
viver? E mais vivêmos.
E comêmos, dormimos, engendramos
Crianças: se havia quê comer, se havia
leito para dormir para amar.
É que, assi como o home sossegado,
bondosso e cortés, pode
converter-se em malvado,
besta cruel; e a mulher tema e fina,
en selvagem ouveante alimária:
assí tamén o home inquieto,
íntegro e valoroso; pode
transformar-se em sofrida
besta de carga ou tiro, e a mulher
que as teias acendía da vitória,
em abatida fêmea
de miserenta espécie soterranha.
Assi hienas e vermes
formas de deshumana humanidade,
encarniçam-se, arrastram-se.
Nom haveria lobos
Se non houvesse anhos.
Milhafre e pomba todos podemos ser.
Isso é ser home: humilhar ao home

ou humilhar-se perante o home. Todos
podemos humillar-nos e humillar.
Isso é ser home. Mister sería
para nos prevenir de sermos
bestas depredadoras ou servís,
conquistar umha faisca
de lume prometeico e ser
um pouco deuses, home e deus à par,
na força e na renúncia;
mais isso só é possíbel
sobranceando o humano,
quando águia é a hiena, e anjo e verme,
sobre a terra a voar,
segundo a deshumana fórmula
de Friedrich Nietzsche ou de Cristo Jesus.

Nesta dura posguerra de fame, censura, exilio ou morte de moitos compañeiros e amigos, a literatura, principalmente a poesía, que nin durante a guerra abandonara, foi un refuxio. Non podía publicar, mais escribía; e non só poesía, tamén moito teatro e novelas. En 1949 empeza a colaborar no xornal compostelano "La Noche". Baixo o pseudónimo de "Fernando Cadava" van aparecendo breves traballos, sobre literatura galega principalmente. En 1950, *A xente da Barreira*, a primeira novela publicada en galego despois da guerra, recibe o premio dos "Bibliófilos Gallegos".

A forza e o brillo intelectual, moral e político de don Ricardo sálvano. Pasenñamente irá emerxendo do marasmo cultural que as forzas triunfantes do 36 provocaran. É de xustiza sinalar tamén o apoio familiar e dalgúns amigos. O feito é que en 1950 recibe a invitación de trasladarse a Lugo, a terra da súa dona, para dirixir (non oficialmente) o Colexio Fingoy. Este acontecemento marca na vida e na obra do escritor unha nova e fecunda etapa. As tarefas son moitas. Por un lado está o traballo docente, innovador aínda visto desde hoxe e non digamos dentro do panorama da época: atención á realidade inmediata como punto de partida do coñecemento, e á realidade cultural de Galicia; coeducación de nenos e nenas, separados daquela; ensinanzas artísticas complementarias, como o teatro. O profesor tivo oportunidade de dirixir, alén doutras moitas, a súa obra *A farsa das zocas*, estreada como anónima.



Van aparecendo novos libros de poesía: **Anxo de terra** (1950), **Poemas pendurados dun cabelo** (1952), que inclúen textos compostos anteriormente; e **Salterio de Fingoy** (1961), que recolle aqueles anos de relativo sosego.

En 1958 ingresa na Real Academia Galega co discurso "Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía", contestado por Otero Pedraio, figura que Carvalho admiraba. Porén, é a tarefa de investigador e de crítico a que pasa ao primeiro plano neste período, con resultados asombrosos, tanto pola calidade do traballo como polo esforzo realizado, sen o apoio académico, habitual nestes casos, dun equipo de colaboradores. O froito desta dedicación é a **Historia da literatura galega contemporánea**, obra magna que estuda pola primeira vez en profundidade un período crucial na formación do sistema literario galego. Os seus xuízos críticos son moito máis que un punto de partida pois, en xeral, fixan valores cunha autoridade clara. Definitivo foi tamén o criterio adoptado para establecer o propio concepto de literatura galega: a que está escrita neste idioma. O libro aparece en 1963 na editorial Galaxia, que desde a súa fundación en 1950, coa participación do mesmo Carvalho, viña desenvolvendo unha función moi importante no eido da cultura, o único cultivable naquel tempo. En 1975 publicará unha segunda edición con novos capítulos que engrosan o volume. Mais xa é outro o escenario.

En 1965 o decano de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago propónlle encargarse do curso de galego que ese ano comezaría a impartirse na Facultade. Xa tiña o grao de doutor desde 1954, coa tese, presentada en Madrid, *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. Case a un tempo, o réxime de Franco modificara a disposición contra os ex-funcionarios da República, así que Carvalho pode retomar as oposicións interrompi-

das pola guerra civil. Nestas probas saca o número 1 e incorpórase ao instituto compostelano "Rosalía de Castro" como profesor de Lingua e Literatura española, que compaxina co curso de galego na Facultade. Logo irá aumentando nesta institución a presenza do galego e, de novo, Carvalho debe acometer a tarefa de cubrir as carencias científicas que sofre a súa materia. Xa en 1966 aparece a **Gramática elemental del gallego común**, que supuxo un instrumento científico necesario como posta ao día na gramática do noso idioma, ademais de achegar moitas persoas, quer universitarias quer non universitarias, ao seu estudo.

No curso 1971-1972 obtén por oposición a praza de catedrático de Lingua e Literatura galega da Universidade. Desde a cátedra, máis unha vez, multiplica o traballo. Profesor esmerado, fino e serio mais non falto de emoción, moi bon comunicador e de saber enciclopédico. Aínda neste espazo grato había de padecer outra inxustiza, ben que involuntaria, derivada da ignorancia dun alumnado que nada sabíamos (as excepcións serían ben poucas) da vida nin da obra de quen tiñamos diante. O que coñecíamos de Literatura galega era o que el nos ensinaba e endexamais falaba de si.

Lingüista e crítico literario intelixente e necesario, abondarían as xa referidas **Gramática** e **Historia da Literatura** como probas de excelencia. Relator que respondía con amabilidade as invitacións que recibía para pronunciar unha conferencia, non importaba onde, dentro ou fóra do país, sempre ao servizo da cultura galega; que atraía ao auditorio pola calidade do discurso e polo rigor das análises.

Por máis que a obra de creación non sexa o máis urxente neste intre, continúa a escribir, e



Carvalho con outros membros de Galaxia nunha homenaxe a Pedraio en Traslalva en 1958.